

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

RESOLUCIÓN do 3 de outubro de 2025 pola que se aproba o expediente de información pública e, definitivamente, os mapas estratéxicos de ruído da Rede autonómica de estradas de Galicia, cuarta fase (clave GA/23/041.09.1).

Antecedentes de feito:

Primeiro. Mediante a Resolución da Axencia Galega de Infraestruturas do 7 de maio de 2025 aprobáronse provisionalmente os mapas estratéxicos de ruído da Rede autonómica de estradas de Galicia, cuarta fase (clave GA/23/041.09.1).

Segundo. Con data do 20 de maio de 2025 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* (núm. 95) o Anuncio do 8 de maio de 2025 polo que se sometían ao trámite de información pública os mapas estratéxicos de ruído da Rede autonómica de estradas de Galicia, cuarta fase (clave GA/23/041/09.1).

Terceiro. Durante o trámite de información pública, conforme aos certificados emitidos polos organismos oficiais competentes, un total de 4 concellos (Arteixo, Coristanco, Santiago de Compostela e Vigo) presentaron alegacións.

Cuarto. Durante o trámite de información pública detectáronse os seguintes erros:

– Os límites dos termos municipais representados nos mapas en pdf non se corresponden cos utilizados no cálculo e establecidos nas instrucións para a entrega dos datos asociados aos mapas estratéxicos de ruído e plans de acción contra o ruído da cuarta fase do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico. Neste sentido deben corrixirse os mapas en pdf das seguintes UMEs: AC-543, AC-841_1, AG-56, AG-59, CG-1.5, AG-53, OU-105, OU-525, OU-536, OU-540, AG-41, AG-57, PO-308, PO-331_1, PO-510, PO-531, PO-542 e VG-4.4.

– Na UME AC-164 hai un erro no uso dun edificio situado á altura do p.q. 6+430, marxe dereita. Trátase dun edificio de uso industrial/terciario, ao cal se lle asignou erroneamente un uso cultural.

– Nos mapas en pdf da UME PO-531 repítese a folia 5 do mapa. Debe eliminarse esta folia repetida, corrixirse a numeración das follas dos planos e corrixirse a numeración da distribución de follas do plano guía.



– Nos mapas en pdf da UME AG-11 as follas 10 e 12 están intercambiadas. Debe corrixirse a posición destas follas.

– No mapa de zona de afección das UMEs LU-662 e VG-1.2 e nos mapas de niveis sonoros dos indicadores Ld, Le, Ln e Lden da UME CG-4.1 falta o plano guía.

– A lonxitude total da UME AC-550_002 é de 10.803,89 metros. Sen embargo, na táboa 2 Descrición das UMEs da memoria resumo dos mapas recóllese unha lonxitude de 10.803,88 metros.

Fundamentos de dereito:

O artigo 14 da Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, establece a obriga de aprobar, previo trámite de información pública por un período mínimo dun mes, mapas de ruído correspondentes a cada un dos grandes eixes viarios, aqueles cun tráfico superior aos tres millóns de vehículos ao ano.

Os mapas estratéxicos de ruído da Rede autonómica de estradas de Galicia elaborados, correspondentes á cuarta fase da Directiva 2002/49/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de xuño de 2002, sobre avaliación e xestión do ruído ambiental, cumpren os requisitos que exige a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, o Real decreto 1513/2005, do 16 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, no referente á avaliación e xestión do ruído ambiental, e o Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

Os mapas estratéxicos de ruído da Rede autonómica de estradas de Galicia sometéronse ao trámite de información pública, durante un período dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

De acordo con todo o exposto e tralos certificados e alegacións presentados,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar o expediente de información pública e definitivamente os mapas estratéxicos de ruído da Rede autonómica de estradas de Galicia, cuarta fase, que se relacionan a continuación, coas seguintes modificacións:

1. Corrección dos límites dos termos municipais representados nos mapas en pdf, xa que non se correspondían cos utilizados no cálculo e establecidos nas instrucións para



a entrega dos datos asociados aos mapas estratéxicos de ruído e plans de acción contra o ruído da cuarta fase do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico. Neste sentido corrixióronse os mapas en pdf das seguintes UMEs: AC-543, AC-841_1, AG-56, AG-59, CG-1.5, AG-53, OU-105, OU-525, OU-536, OU-540, AG-41, AG-57, PO-308, PO-331_1, PO-510, PO-531, PO-542 e VG-4.4.

2. Corrección do uso dun edificio situado á altura do p.q. 6+430, marxe dereita, da UME AC-164. Trátase dun edificio de uso industrial/terciario, ao cal se lle asignara erroneamente un uso cultural.

3. Nos mapas en pdf da UME PO-531, eliminouse a folia 5 do mapa que estaba repetida e corrixiuse a numeración das follas nos planos e a numeración da distribución de follas do plano guía.

4. Nos mapas en pdf da UME AG-11 corrixiuse a posición das follas 10 e 12 que estaban intercambiadas.

5. No mapa de zona de afección das UMEs LU-662 e VG-1.2 e nos mapas de niveis sonoros dos indicadores Ld, Le, Ln e Lden da UME CG-4.1 faltaba o plano guía e incorpórase.

6. Corrixiuse a lonxitude total da UME AC-550_002 na táboa 2. Descrición das UMEs da memoria resumen dos mapas. A lonxitude correcta é de 10.803,89 metros.

Estrada	UME	P.Q. inicio	P.Q. fin	Lonxitude	Municipios
AC-012	C_GAL_15_AC-012	1+600	4+160	2.531,92	A Coruña; Oleiros
AC-115	C_GAL_15_AC-115	2+370	4+710	2.332,52	Neda
AC-164	C_GAL_15_AC-164	0+000	7+240	7.209,22	Bergondo; Paderne
AC-174	C_GAL_15_AC-174	0+270	4+450	4.162,03	Oleiros
AC-183	C_GAL_15_AC-183	0+720	1+170	467,51	Sada
AC-211	C_GAL_15_AC-211	0+000	0+700	699,16	Cambre; Culleredo
AC-305	C_GAL_15_AC-305_001	22+080	23+730	1.657,32	Boiro
AC-305	C_GAL_15_AC-305_002	36+300	39+710	3.389,4	Ribeira
AC-418	C_GAL_15_AC-418	-0+060	6+940	7.009,56	Carballo; Malpica de Bergantiños
AC-523	C_GAL_15_AC-523	0+000	7+270	7.256,21	Culleredo; A Laracha
AC-543	C_GAL_15_AC-543	0+500	6+250	5.738,97	Ames; Santiago de Compostela
AC-544	C_GAL_15_AC-544	1+160	8+050	6.892,96	Ames; Brión; Negreira
AC-550	C_GAL_15_AC-550_001	67+980	72+440	4.348,12	Noia; Outes
AC-550	C_GAL_15_AC-550_002	76+210	87+000	10.803,89	Noia; Porto do Son
AC-550	C_GAL_15_AC-550_003	103+600	106+570	2.940,24	Ribeira



Estrada	UME	P.Q. inicio	P.Q. fin	Lonxitude	Municipios
AC-551	C_GAL_15_AC-551	0+000	1+220	1.744,77	Arteixo
AC-552	C_GAL_15_AC-552_001	0+000	31+000	30.798,64	Arteixo; Carballo; A Coruña; A Laracha
AC-552	C_GAL_15_AC-552_002	31+900	36+500	4.597,9	Carballo; Coristanco
AC-552	C_GAL_15_AC-552_003	80+660	91+110	10.557,86	Cee; Dumbria
AC-553	C_GAL_15_AC-553	-0+040	1+440	1.455,34	Rianxo
AC-841	C_GAL_15_AC-841_001	0+000	7+590	7.521,94	Santiago de Compostela, Teo
AC-841	C_GAL_15_AC-841_002	8+390	11+720	3.297,4	Teo; A Estrada
AC-862	C_GAL_15_AC-862	1+580	7+330	5.703,26	Ferrol; Narón; Neda
AG-11	C_GAL_15_AG-11	0+000	40+060	40.051,75	Boiro; Dodro; Padrón; A Pobra do Caramiñal; Rianxo; Ribeira
AG-55	C_GAL_15_AG-55	2+830	35+360	32.651,62	Arteixo; Carballo; A Coruña; A Laracha
AG-56	C_GAL_15_AG-56	0+000	12+580	12.519,44	Ames; Brión; Santiago de Compostela
AG-59	C_GAL_15_AG-59	0+000	6+460	6.493,78	Santiago de Compostela; Teo; Vedra
AG-64	C_GAL_15_AG-64	2+690	12+450	9.730,78	Narón; Valdoviño
CG-1.5	C_GAL_15_CG-1.5	12+580	27+160	14.577,87	Brión; Lousame; Noia; Rois
VG-1.2	C_GAL_15_VG-1.2	0+000	4+160	4.149,4	Ares; Fene; Mugaros
VG-1.2r0	C_GAL_15_VG-1.2r0	0+000	0+630	626,94	Cabanas; Fene
LU-021	C_GAL_27_LU-021	0+000	1+550	1.510,28	Lugo
LU-530	C_GAL_27_LU-530	0+850	3+350	2.484,08	Lugo
LU-539	C_GAL_27_LU-539	0+000	0+970	972,32	Viveiro
LU-662	C_GAL_27_LU-662	0+000	1+200	1.209,32	Monforte de Lemos
LU-862	C_GAL_27_LU-862	82+950	90+150	7.287,1	Viveiro
LU-933	C_GAL_27_LU-933	-0+040	1+090	1.080,06	Monforte de Lemos
AG-53	C_GAL_32_AG-53	78+740	87+290	8.550,14	Amoeiro; Maside; Ourense; Punxín; Toén
OU-105	C_GAL_32_OU-105	2+580	4+230	1.624,83	Ourense; San Cibrao das Viñas
OU-525	C_GAL_32_OU-525	228+910	233+080	4.315,41	Ourense; San Cibrao das Viñas
OU-536	C_GAL_32_OU-536	1+000	6+040	4.995,74	Ourense; O Pereiro de Aguiar
OU-538	C_GAL_32_OU-538	0+000	1+070	1.088,6	San Cibrao das Viñas
OU-540	C_GAL_32_OU-540	1+150	1+830	683,17	Barbadás; Ourense
AG-41	C_GAL_36_AG-41	0+400	19+180	18.689,99	Barro; Meaño; Meis; Ribadumia; Sanxenxo
AG-46	C_GAL_36_AG-46	-0+230	11+000	11.075,51	Moaña
AG-57	C_GAL_36_AG-57	10+240	22+000	11.678,51	Gondomar; Nigrán; Vigo
CG-4.1	C_GAL_36_CG-4.1	11+000	15+210	4.190,22	Bueu; Cangas; Moaña
PO-225	C_GAL_36_PO-225	0+000	1+080	1.076,41	Pontevedra
PO-300	C_GAL_36_PO-300	10+000	11+720	1.715,74	Cambados
PO-307	C_GAL_36_PO-307	-0+030	4+620	4.672,97	Vilanova de Arousa; A Illa de Arousa
PO-308	C_GAL_36_PO-308	0+000	17+360	17.403,98	Pontevedra; Poio; Sanxenxo
PO-316	C_GAL_36_PO-316	-0+060	5+890	5.908,42	O Grove; Sanxenxo
PO-324	C_GAL_36_PO-324	0+000	2+380	2.376	Vigo
PO-325	C_GAL_36_PO-325	0+120	15+800	15.540,97	Baiona; Nigrán; Vigo
PO-331	C_GAL_36_PO-331_001	0+800	5+390	4.524,44	Mos; O Porriño



Estrada	UME	P.Q. inicio	P.Q. fin	Lonxitude	Municipios
PO-331	C_GAL_36_PO-331_002	12+080	18+980	6.886,47	Gondomar
PO-340	C_GAL_36_PO-340_001	0+000	0+440	443,71	Tui
PO-340	C_GAL_36_PO-340_002	16+790	21+510	4.721,19	Baiona; Gondomar; Nigrán
PO-403	C_GAL_36_PO-403	8+420	11+300	2.885,26	Ponteareas
PO-504	C_GAL_36_PO-504	0+000	0+960	962,52	Sanxenxo
PO-510	C_GAL_36_PO-510	0+000	13+470	13.356,39	O Porriño; Salceda de Caselas; Salvaterra de Miño
PO-511	C_GAL_36_PO-511	0+000	0+520	524,65	Mos; O Porriño
PO-530	C_GAL_36_PO-530	1+020	2+500	1.460,13	Vilanova de Arousa
PO-531	C_GAL_36_PO-531	0+000	18+800	18.974,74	Barro; Caldas de Reis; Meis; Pontevedra; Portas; Poio; Ribadumia; Vilanova de Arousa
PO-532	C_GAL_36_PO-532	3+060	6+390	3.323,3	Pontevedra; Ponte Caldelas
PO-542	C_GAL_36_PO-542	3+200	6+870	3.624,53	Pontevedra
PO-548	C_GAL_36_PO-548	7+800	19+100	11.291,12	Catoira; Vilagarcía de Arousa
PO-549	C_GAL_36_PO-549	0+750	5+250	4.486,14	Vilagarcía de Arousa; Vilanova de Arousa
PO-550	C_GAL_36_PO-550_001	0+000	1+210	1.249,33	Cambados
PO-550	C_GAL_36_PO-550_002	6+800	10+980	4.174,28	Cambados; Meaño; Sanxenxo
PO-551	C_GAL_36_PO-551_001	6+420	21+390	14.939,96	Bueu; Cangas; Marín
PO-551	C_GAL_36_PO-551_002	26+050	33+630	7.544,69	Moaña
PO-552	C_GAL_36_PO-552_001	0+000	15+600	15.562,59	Baiona; Gondomar; Nigrán; Vigo
PO-552	C_GAL_36_PO-552_002	46+850	48+490	1.638,28	A Guarda
PO-552	C_GAL_36_PO-552_003	57+740	62+100	4.366,06	Tomiño
PO-552	C_GAL_36_PO-552_004	63+820	71+210	7.367,54	Tomiño; Tui
PO-841	C_GAL_36_PO-841	11+720	21+530	9.767,61	Teo; A Estrada
VG-4.1	C_GAL_36_VG-4.1	19+180	26+050	6.831,21	Sanxenxo
VG-4.2	C_GAL_36_VG-4.2	0+000	4+500	4.476,08	Cambados; Meis; Ribadumia
VG-4.3	C_GAL_36_VG-4.3	-0+070	8+210	8.268,21	Cambados; Vilagarcía de Arousa; Vilanova de Arousa
VG-4.4	C_GAL_36_VG-4.4	0+000	4+560	4.521,85	Marín; Pontevedra

Os documentos dos mapas estratéxicos de ruído da Rede autonómica de estradas de Galicia, cuarta fase poden consultarse na páxina web da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (<https://vivendaeinfraestruturas.xunta.gal/informacion-publica/estudos>).

Segundo. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición



contencioso-administrativa, ou ben recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación da presente resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2025

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

CVE-DOG: lvag1kq6-c169-ejs2-yy7-kcak9mmusmf6

